

BANDA DESEÑADA



SIMON'S CAT (S.Tofield)

As increíbles aventuras dun gato traveso e comellón contadas por el mesmo

EL PRICIPITO (S.Joann)

'El Principito' de trazos clásicos creado polo francés Saint-Exupéry fai 67 anos modernizase ao converterse, por primeira vez en personaxe de cómic, nun auténtico 'Principiño' do século XXI.



ALICIA EN EL PAÍS DE LAS MARAVILLAS (Chauvel-Collete)

Fiel adaptación gráfica do clásico de Lewis Carroll.

¿QUIEN AMA A LAS FRESAS? (Clara Tanit)

Fresa é unha adolescente diferente aos demais, que non ten amigos e sente excluída, precisamente, porque é unha fresa. A historia arrinca cando Nai Fresa ingresa a Fresa no hospital porque está en coma e sofre un estraño tipo de amnesia. A partir deste punto a historia transcorre en tres planos, o mundo interior de Fresa coas súas fantasías, a realidade da habitación de hospital onde Nai Fresa visita á súa filla e os «flashbacks» que nos descubren os porqués da historia.



**BIBLIOTECA
IES POETA AÑÓN
-OUTES-**

Tempo de lecer...



tamén para ler



BIBLIOTECA IES POETA AÑÓN

CATÁLOGO EN LIÑA

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?Codigo>

Biblioteca=CED008


E-mail: ies.poeta.anon@edu.xunta.es

Web: www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon

**Recomendacións de
lectura
VERÁN 2010**




DIARIO DE GREG: UN PRINGAO TOTAL (J. Kinney)




Greg Heffley ten 12 anos e a súa nai cómpralle un diario que abarcará un curso escolar: de setembro a xuño. Greg ofrécenos a súa visión da vida a través das desventuras que narra e ilustra no seu caderno.

TERCER VERANO EN VAQUEROS (A. Brashares)

Bridget, Carmen, Lena e Tibby gozan do seu último verán antes de ir á universidade. Bridget vaise a encontrar co seu gran amor, Erik. Carmen verá aumentar a súa familia ao volver casar a súa nai. Lena, pola súa banda, quere dedicarse á pintura e ten momentos de crises. E Tibby persegue o seu soño de dedicarse ao cine, pero mentres tanto, ten que coidar dos seus irmáns pequenos. Todas as experiencias faránlles madurar.




EL SALVAJE (A. Garcia Llorca)



Ambientada nos anos da posguerra española, narra a historia de Bernabé a partir do momento do seu rescate cando é arrincado contra a súa vontade do val e internado nun orfanato onde terá que afrontar unha dura aprendizaxe para ser persoa

A PAIXÓN DE ALEXANDRA (XR Trigo)

Unha historia emocionante que nos fala dos misterios que todos levamos dentro e de como podemos compartir con outras persoas as paixóns máis secretas.




COSAS QUE NO NOS DIJIMOS (Marc Levy)



Catro días antes da súa voda, Julia recibe unha chamada do secretario persoal de Anthony Walsh, o seu pai. Walsh é un brillante home de negocios, pero sempre foi para Julia un pai ausente, e agora levan máis dun ano sen verse. Como Julia imaxinaba, o seu pai non poderá asistir á voda. Pero esta vez ten unha excusa incontestable: o seu pai morreu.

LA EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE (J. Kelly)

Ser a única moza de seis irmáns na Texas de principios de S.XX non é fácil. A nai de Calpurnia Tate quere que aprenda cousas de señorita: aprender a cocinar e coser, comportarse con propiedade, deixar de meterse en pelexas e tocar o piano. Con todo ela goza saíndo a observar a natureza e recollendo espécimes que logo mostrará ao seu avó, o único interesado nas andainas de Callie.



MAKINARIA (Carlos Negro)

A morte, os coches "tuneados" e a velocidade son os protagonistas deste breve poemario para quinceañeiros que van de malotes e "mallan" na música.

EL RETRATO DE DORIAN GRAY (O. Wilde)

Dorian Gray é a encarnación da beleza. Con todo, inevitablemente, as paixóns, a maldade, e a vida irrompen na súa existencia. Para o seu asombro, Gray descobre que é o seu retrato quen vai asumindo a súa deterioración física e moral, protexendo aparentemente a súa inmaculada imaxe.




SOL DE INVERNO (Rosa Aneiros)



Inverno. a protagonista, habita diversos escenarios que nos conducen desde a perda da aldea de Antes a Barcelona, para relatarnos a crueldade da guerra; e logo ás circunstancias da fuxida a Francia; ao emblemático barco Ipanema; ao longo exilio cubano; á revolución castrista; e mesmo á viaxe ao París do maio do 68.

LA SAL DE LA VIDA (Anna Gavalda)

Simone, Garance e Lola, tres irmáns que xa creceron, escapan dunha voda familiar que promete ser tremendamente aburrida para ir atoparse nun vello castelo con Vincent, o irmán máis pequeno. Deixando atrás aos seus maridos e esposas, fillos, divorcios, problemas, tristeza e preocupacións, vivirán un último día de infancia roubado á súa adultez.



EL ENCANTADOR DE GATOS (Carlos Rodríguez)



Unha aproximación ao descoñecido mundo dos felinos e os seus coidados, no que se nos dan a coñecer as vantaxes da convivencia con eles, se nos aconsella sobre a súa educación e se nos dan as claves necesarias para entender ás nosas mascotas e contribuir así á súa felicidade

UNA MUY BREVE HISTORIA DE CASI TODO (B. Bryson)

Que lles pasou aos dinosauros? Como de grande é o universo? Canto pesa a Terra? Por que os océanos son salgados? Atoparemos aquí uns cantos científicos raros, teorías erróneas que dominaron durante demasiado tempo, e varios descubrimentos casuais que cambiaron a historia da ciencia.

